



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AGUA DE CONSUMO NO CONCELLO DE PORTOMARIN.

Características técnicas que han de reunir os bens ou prestacións do contrato:

Actividades a realizar:

1. Establecemento dos puntos de mostraxe, en función do sinalado en anexo V B do RD e realización dos contactos cos establecementos escollidos.

Teranse en conta aquelas zonas que, a xuízo do concello, requiran unha atención especial.

2. Realización das tomas de mostras:

Análises completos: Mínimo 20 mostras/ano e os puntos extras necesarios para emerxencias, nas que se efectuará análise básica:

- Características organolépticas.
- Características fisicoquímicas.
- Axente desinfectante.
- Características microbiolóxicas.

Análise de Trihalometanos: Realización de análise nun mínimo de 3 mostras/ano.

Augas recreativas: Realización de analítica segundo lexislación nunha piscina/ano pública.

3. Mantemento dun servizo de atención inmediata para atender as denuncias veciñais.

4. Emisión de informe técnico de cada un dos puntos, contendo as características do abastecemento.

5. Emisión de informe, en arquivo XML, contendo os resultados obtidos na análise de cada unha das mostras.

6. Realización de informe trimestral sobre os resultados obtidos.

7. Introducción e mantemento dos datos no Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC) tamén elaboración e mantemento do plan de autocontrol.

8. En situacións de urxencia ou de alteración dos parámetros para controlar na billa do consumidor, a emisión de informe deberá ser inmediata á obtención de resultados.

9. En caso de detectar incumprimento dos parámetros nos controis habituais deberase programar a realización de novas analíticas para verificar a solución dos problemas.

10. O ámbito de actuación será a totalidade do territorio correspondente ao Concello de Portomarín.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AGUA DE CONSUMO NO CONCELLO DE PORTOMARIN.

Requisitos na recollida de mostras:

A recollida de mostras de auga realizarase por parte do persoal da empresa adxudicataria nas datas e instalacións que se indiquen por parte do Concello de Portomarín.

Recolleranse un total de 20 mostras ao ano, non podéndose facer a toma de mostra os venres, salvo urxencia.

A mostra manterase refrixerada a 4°C e en escuridade ata o inicio da analítica.

Xunto coa toma de mostra cumprimentaranse como mínimo os seguintes datos da instalación:

Nome do lugar onde se tome a mostra.
Situación.
Datos da billa: localización, materiais.
Antigüidade da instalación.

*** Parámetros a analizar:**

A empresa contratada analizará os seguintes parámetros da auga:

Características organolépticas:

Cheiro.
Cor.
Sabor.
Turbidez.

Características fisicoquímicas:

Conductividade.
PH.
Amonio.
Nitritos.

Axente desinfectante:

Cloro libre residual.
Cloro libre combinado.

Características microbiológicas:

Bacterias coliformes totais.
Escherichia coli.

Ademais determinará os metais que se lle indiquen en cada toma de mostras.

As analíticas realizaranse segundo as normas oficiais de ensaio. O inicio das mesmas será en menos de 24 horas desde a toma de mostra.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AGUA DE CONSUMO NO CONCELLO DE PORTOMARIN.

O prazo de entrega dos resultados establécese entre 6 e 10 días. Con todo en caso de incidencia comunicárase inmediatamente o Concello de Portomarín.

Xunto á entrega de resultados achegarase un informe complementario á mesma onde se reflectan interpretación de resultados, observacións, aspectos a destacar, medidas correctoras, etc.

Importe estimado das prestacións obxecto do contrato:

Prezo por unidade de análise básica: 70,00 euros sen IVE.

Prezo medio por unidade análise de trihalometanos: 150,00 euros sen IVE.

Prezo unidade análise augas recreativas: 110,00 euros sen IVE.

Mantemento do plan de autocontrol e datos do SINAC: 550,00 euros sen I.V.E.

Acreditación e capacidade:

As empresas licitadoras deberán acreditar:

1. Experiencia na realización de traballos similares en Organismos Públicos e Corporacións Locais.
2. Que conta con laboratorio acreditado para o aseguramiento da calidade (UNE-EN ISO/IEC 17025 ou 45001, UNE EN ISO 9001) Se non están acreditados pola UNE EN ISO/IEC 17025, deberán xustificar que non superan as 5.000 mostras anuais.
3. Que conta con laboratorio ou usuario básico de alta en SINAC e experiencia previa en introdución de resultados analíticos de municipios de censo similar ao de Portomarín.
5. Que conta con suficiente infraestrutura e técnica investigadora para asegurar que a súa tecnoloxía é de vangarda.
6. Que dispón de persoas, medios técnicos e auxiliares dedicados a este servizo, con probada experiencia, e coñecementos en redes de auga quente e fría sanitaria.
7. Sistema de avaliación das técnicas efectuadas.
8. Modelo de informe a emitir á parte contratante da realización dos controis establecidos, no que deberán constar:
Nome, dirección, teléfono, nº referencia as analíticas efectuadas, resultados, data e punto de realización, observacións en relación a tubaxes, depósitos...
9. Base de datos (formato acces, excel, ou similar) exclusiva do Concello de Portomarín, que recolla os datos anteriores.

Condicións do Servizo:

As empresas concursantes deberán presentar:

1. Diagnóstico de situación no que se identificarán os puntos máis adecuados para realizar a toma de mostra así como aqueles puntos que puidesen ser máis problemáticos en función da situación da rede de distribución.
2. Protocolo de actuación: determinación do número de puntos de mostraxe, temporalización das tomas, técnicas de toma de mostrax, analíticas a realizar.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AGUA DE CONSUMO NO CONCELLO DE PORTOMARIN.

3. Sistemas de avaliación e control das técnicas aplicadas.
4. Declaración de responsabilidade ante posibles accidentes.
5. Proposta para realizar unha campaña anual de concienciación cidadá reflectida en todos os medios de comunicación locais.

Persoal e medios auxiliares:

Para garantir un bo servizo e establecer maior coordinación co Concello, o Contratista deberá contar con estrutura organizativa e disposición de recursos materiais e humanos para atender o servizo polo tempo de duración do contrato, así mesmo contará cun responsable do servizo facilitando teléfonos e domicilios para a súa localización a calquera hora do día e recibir as instrucións e suxestións feitas polo Concello, tomando as medidas oportunas no prazo de 24 horas. Manterase durante os doce meses do ano, o equipo necesario para realizar a toma de mostras e analíticas que poidan derivar de denuncias veciñais.

Se a urxencia o require deberase poñer a disposición municipal todo o persoal e material necesario dedicado a contrata para atender a emerxencia.

Nas situacións de urxencia o técnico municipal comunicará a situación á empresa por teléfono, fax ou correo electrónico.

Requisitos, modalidades e características técnicas das variantes:

- Existirá un número de polo menos 3 mostras reservadas para casos de urxencia, para o que a empresa deberá contar cun servizo de atención inmediata.
- En caso de detectar alteracións nos parámetros de control habituais deberase programar a realización de novas analíticas para verificar a solución dos problemas.

Obrigacións / responsabilidade adxudicatario:

É obrigación da empresa adxudicataria o cumprimento da normativa existente respecto do servizo a prestar, así como aquela relacionada coa de carácter ambiental e sanitaria

A Empresa adxudicataria comprométese a designar permanentemente durante o tempo do contrato a un operario para a realización dos traballos deste servizo.

Este persoal non terá ningunha relación xurídica nin laboral co Concello de Portomarín.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AGUA DE CONSUMO NO CONCELLO DE PORTOMARIN.

Criterios obxectivos de adxudicación que se propoñen, indicándose por orde decrecente de importancia e pola ponderación seguinte:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Proposición económica *	0-50
Planteamento de melloras para atender as necesidades urxentes: Por cada 500 euros/ano: 1 punto, ata un máximo de 10 puntos (incremento valorado economicamente de medios persoais e materiais directamente relacionadas co servizo que non supoñan custo algún o Concello, por encima dos definidos no prego de condicións técnicas)	0-10
Planteamento de incremento do número de probas a realizar sobre as previstas no prego. Por cada 5 probas/ano: 1 punto, ata un máximo de 10 puntos	0-10
Acreditación certificación de laboratorio (certificacións acreditadas aparte de la NORMA ISO 9001)	0-2
Plan de formación continua dos profesionais municipais asignados as prestacións obxecto do contrato. Por cada 10 horas/profesional/ano: 5 puntos, ata un máximo de 20 puntos	0-20
Iniciativas que potencien a imaxe positiva do servizo como servizo público do Concello de Portomarín: Por cada 100 euros: 2 punto, ata un máximo de 8 puntos	0-8

CALCULO DE PUNTUACIÓN ECONÓMICA

O calculo da puntuación económica será de conformidade coa seguinte fórmula:

$$xi = \frac{(Pt - Pi) * M}{Pt - Pb} \times 10$$

Onde:

Xi = Puntuación

Pb =Custo total mais baixo entre a totalidade das ofertas

Pt = Importe total do prego

M = 5

Pi = Custo total ofertado

Asinado electronicamente a marxe do documento

**Fdo.- Roberto Rodríguez Vázquez
Técnico Municipal**

DILIXENCIA: Para facer constar que el documento que antecede, composto de 5 páxinas, foi aprobado por a Xunta de Goberno Local de data 26-01-2017.

O Secretario

Asinado electronicamente a marxe do documento